

# **PROGRAMACIÓN DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA. 2º ESO.**

## **CURSO 20-21**

### **1.- CONTIDOS. TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS POR AVALIACIÓN**

A materia de Lingua castelá e Literatura ten neste curso unha carga lectiva de tres horas semanais nas cales imos tentar acadar os obxectivos arriba propostos.

En todas as avaliacións imos traballar de xeito simultáneo contidos dos catro bloques nos que se artella a nosa materia:

Bloque 1: "Comunicación oral: escoitar e falar"

Bloque 2: "Comunicación escrita: ler e escribir"

Bloque 3: "Coñecemento da lingua"

Bloque 4: "Educación literaria"

Tendo en conta que, debido á crise do coronavirus, o terceiro trimestre programado para 1º de ESO do curso 2019-2020, quedou sin dar, e sendo consciente de que en 2º de ESO faise un repaso e ampliación dos contidos de 1º de ESO, o proceso será o seguinte:

Cada un dos contidos de primeiro intercálanse cos seus similares de segundo facendo un bloque unitario. Os correspondentes a primeiro sinálanse en letra negra.

### **1ª Avaliación**

- Comprensión, interpretación e reflexión de calquera texto oral de interese do alumnado ou daqueles propios dos medios de comunicación, especialmente noticias de actualidade.

- Desenvolvemento de habilidades de escoita activa con actitude de interese, de cooperación e de respecto.
- **Consecución, con progresiva autonomía, da planificación, revisión e presentación dos escritos.**
- Coñecemento e aplicación de estratexias necesarias para producir textos orais e escritos sobre temas de actualidade.
- Participación activa en situacións propias do ámbito académico (pedimento de aclaracións, intercambio de opinión e exposición de conclusións).
- Coñecemento e aplicación de estratexias necesarias para falar en público: planificación do discurso, prácticas orais formais e informais.
- Produción de discursos orais e escritos adecuados á situación e á intención comunicativa desexada: presentacións, descricións, narracións ou exposicións, con coherencia, cohesión e corrección.
- Participación en debates, coloquios e conversas espontáneas respectando as normas básicas de interacción, intervención e cortesía que regulan estas prácticas orais.
- Lectura en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa.
- Comprensión, interpretación e produción de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos á experiencia do alumnado: mensaxes electrónicas ou de móbil, normas e instrucións de uso.
- **Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, , elaboración de receitas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro, relacionados cos Elementos Transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.**
- Ampliación do vocabulario referido á viaxes, lugares e vida en sociedade.
- Uso eficaz dos dicionarios e doutras fontes de consulta, tanto en papel como en soporte electrónico, especialmente sobre clases de palabras e normativa.
- **Recoñecemento e uso das normas ortográficas referidas á**

**utilización de h, c, z, k, qu, así como utilización correcta da coma, punto e coma, punto e dous puntos.**

- Recoñecemento e uso das regras de acentuación tanto en sílabas coma en ditongos e hiatos. Uso de g-j.
- Recoñecemento, uso e explicación de categorías gramaticais e orixe das linguas en España
- **Recoñecemento e aprecio pola diversidade lingüística de España.**
- Inicio na elaboración de textos narrativos, descritivos e instrutivos.
- Valoración das linguas como medios de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo.
- O plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade.
- Lectura dunha obra literaria axeitada á idade para desenvolver o criterio lector.
- Comparación de textos literarios e non literarios e diferenciación de textos narrativos, descritivos e prescriptivos a partir dos seus trazos característicos máis xerais.
- Lectura expresiva e comprensiva, determinación da temática ou temáticas abordadas e descrición dos valores estilísticos dos textos.
- **Coñecemento, uso e aplicación das estratexias necesarias de autoavaliación, aceptando o erro como parte do proceso.**

## **2ª Avaliación**

- Comprensión e interpretación de textos periodísticos e publicitarios así como da vida diaria.
- **Recoñecemento de metáforas e comparacións presentes nos textos.**
- Diferenciación dos textos literarios e de recursos literarios sinxelos: metáfora, comparación, personificación, hipérbole, metonimia.
- Utilización guiada da biblioteca, dicionarios e das TIC para obter información e consultar modelos de composición escrita.

- Recoñecemento, uso e explicación dos sintagmas nominais, adxectivais, adverbiais e verbais así como dos complementos directo, indirecto, circunstancial, e de réxime.
- **Recoñecemento, uso e explicación da oración simple e os seus formantes.**
- Recoñecemento de oracións impersonais.
- **Coñecemento das regras de concordancia e das funcións sintácticas principais no seo da oración para elaborar enunciados cun estilo correcto e con cohesión.**
- Diferenciación entre palabras homófonas.
- Ampliación de vocabulario referido a medios de comunicación, publicidade, administración e literatura cotiá (caligramas).
- Aplicación e valoración das normas ortográficas: uso de h, b/v,
- Planificación e revisión do escrito, de forma guiada, para producir textos adecuados, coherentes, con cohesión e correctos gramaticalmente.
- Produción de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: notas, cartas, avisos, mensaxes electrónicas ou de móbil ou de textos propios dos medios de comunicación e publicidade.
- Lectura expresiva e comprensiva de textos periodísticos e da vida diaria breves coma carteis, estatísticas, publicidade ou itinerarios.

### **3ª Avaliación**

- Recoñecemento, uso e análise da oración simple persoal, impersonal, activa e pasiva e de todos os seus formantes. Atributo e predicativo.
- Recoñecemento e aprecio pola diversidade lingüística de España.
- Lectura dramatizada e comprensiva de pezas literarias de distintos xéneros e apreciación dos seus compoñentes e procedementos máis relevantes.
- **Recoñecemento e produción de textos de distintos tipos: narracións de conto, poemas, textos dramatizados, trabalinguas ou receitas**

### **de coñiña.**

- Recoñecemento e produción de textos de distintos tipos: narracións de contos , poemas, textos dramatizados, trabalinguas ou refráns.
- Recoñecemento de recursos literarios presentes nos textos. Métrica dos textos líricos.
- **Lectura dramatizada e comprensiva de pezas teatrais e apreciación dos seus compoñentes e procedementos máis relevantes.**
- **Ampliación de vocabulario referido ao mundo teatral, espectáculo e localidade.**
- Ampliación de vocabulario referido ao mundo teatral, estados de ánimo, educación e medo.
- Recoñecemento e uso das normas ortográficas referidas á utilización de ll/y, raia, paréntese, corchetes guión e comiñas.
- Consecución, con progresiva autonomía, da planificación, revisión e presentación dos escritos.
- Coñecemento das regras de concordancia e das funcións sintácticas principais no seo da oración para elaborar enunciados cun estilo correcto e con cohesión.
- Coñecemento, uso e aplicación das estratexias necesarias de autoavaliación, aceptando o erro como parte do proceso.
- Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, escolleita de refráns, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.
- **Análise da situación sociolingüística, a partir do contexto familiar do alumnado.**
- Análise da situación sociolingüística, a partir do contexto familiar do alumnado.

A materia de Lingua castelá e Literatura ten unha carga lectiva de catro horas semanais nas cales imos tentar acadar os obxectivos arriba propostos.

En todas as avaliacións imos traballar de xeito simultáneo contidos dos catro bloques nos que se artella a nosa materia.

## **2.-CONTIDOS MÍNIMOS. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA.**

Este aspecto da programación fixa o grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe en 2º da ESO para considerar que un alumno/a pode superar Lingua Castelá e Literatura se conseguiu asimilalos e dominalos.

- Comprende, interpreta e valora textos orais de diferente tipo.
- Coñece e usa as estratexias para falar en público, en situacións formais e informais, de xeito individual ou en grupo.
- Coñece e usa as estratexias para comprender textos escritos.
- Le, comprende e interpreta textos en diferentes formatos e soportes e dunha obra literaria por avaliación.
- Coñece e usa as estratexias para producir textos escritos adecuados, coherentes, con cohesión e correctos tanto en caligrafía como en ortografía.
- Recoñece, usa e explica as categorías gramaticais, da análise sintáctica da oración simple e das normas gramaticais e ortográficas.
- Recoñece o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade e coñece as diferentes linguas da Península Ibérica.
- Compara textos literarios e non literarios e diferencia textos dos tres grandes xéneros a partir dos seus trazos característicos máis xerais.

- Produce, en soporte papel, textos propios da vida académica, especialmente, resumos, exposicións sinxelas e conclusións sobre as tarefas e aprendizaxes realizadas.
- Produce, en soporte papel, textos de distintos xéneros: descrições, narracións de feitos, exposicións de ideas, poemas e conceptos ou pequenas dramatizacións.
- Envía, en caso necesario, os traballos manuscritos en soporte papel á Aula virtual ou correo electrónico mediante imaxes.

### **3.-CONCRECIÓN\$ METODOLÓXICA\$**

Chegados a este punto e tendo en conta a situación tan complicada pola que estamos atravesando, debido á crise provocada polo COVID-19 e que nos afecta de cheo ao sistema educativo, tentaremos explicar cómo desenvolver os contidos desta materia tendo en conta os tres supostos cos que podemos atoparnos ao longo do curso escolar: ensino presencial, non presencial ou telemática e semipresencial . É moi complicado intentar ser obxectivos á hora de programar a materia nos casos en que o curso quedara interrompido nalgún momento e las clases tiveran que desenrolarse de forma non presencial debido ás circunstancias tan diferentes nas que se atopa o noso alumnado e que quedaron patentes cando en marzo do curso pasado tivemos que continuar as clases de xeito telemático. Nese momento démonos conta dos problemas que tiña algún alumnado para poder continuar coas clases: falta de ordenadores, sen acceso a internet, dificultades para acceder á aula virtual...

De todos os xeitos e a pesar da falta de medios coa que nos atopamos, a metodoloxía que empregaremos dende o noso departamento será a seguinte:

Nas primeiras sesións do curso será importante explicar como se desenvolverán as clases nos diferentes escenarios cos que nos podemos atopar debido á situación excepcional provocada polo COVID: **clases presenciais, semipresenciais ou online.**

No caso de **semipresenciais ou online**, utilizaremos a Aula Virtual preferentemente, pero tamén correos electrónicos ou calquera outro medio que a

profesora considere necesario se as distintas situacións así o precisan. Tanto o alumnado como a profesora facilitarán e intercambiarán os enderezos electrónicos dispoñibles.

Para facer efectiva a clase vía Online, seguiráse o libro de texto como guía, tanto para adquisición de coñecementos coma para facer exercicios. As correspondentes explicacións faranse mediante vídeos explicativos colgados na Aula Virtual.

O sistema que utilizaremos no caso das clases **semipresenciais** ou **telemáticas** será por videochamada utilizando preferentemente Skype o Meet. Si algunha das aulas onde impartimos clase non dispón de ordenador, utilizaremos o noso móbil ou Ipad.

Por último, si algún alumno/a no puidera seguir a ensinanza telemática, faríasele chegar desde a través da dirección do centro, o material oportuno para que puidera seguir dalgunha maneira as ensinanzas impartidas.

No caso de **clases presenciais**, seguirase a metodoloxía ordinaria que se indica nesta Programación.

**A primeira sesión do curso** dedicarase a explicar ao alumnado, as normas xerais da clase: as normas da materia, os obxectivos, contidos e criterios de avaliación do curso, os mínimos esixibles para obter unha avaliación positiva, os criterios de cualificación, os procedementos de avaliación da aprendizaxe que se van utilizar e os sistemas de cualificación; así como o material necesario e o seu uso. Explicaráselle que todos estes datos quedan a súa disposición e a da súa familia na web do instituto

O noso Departamento considera fundamentais certas intervencións educativas relacionadas con “aprender a aprender”:

- Ter como punto de partida o nivel de desenvolvemento do alumnado.
- Lograr a construción de aprendizaxes significativas .
- Conseguir que o alumnado faga aprendizaxes significativas por si mesmo.



- Facer que o alumnado modifique os seus esquemas de coñecemento.
- Incrementar, na medida do posible, as actividades manipulativas e mentais do noso alumnado.

Para conseguir todo isto é preciso que o proceso de ensino-aprendizaxe conecte coas necesidades, intereses, capacidades e experiencias da vida cotiá dos alumnos e alumnas. Así pois, a información que recibe o alumnado debe ser percibida por el como lóxica, comprensible e útil. Deste xeito o alumnado terá unha disposición favorable para aprender e estará motivado para relacionar os contidos novos con aqueles adquiridos previamente. Os contidos deben relacionarse con puntos de interese para o alumnado e abordarse en contextos de colaboración e con carácter interdisciplinar.

Así pois, a metodoloxía será sempre práctica de maneira tal que poida ser realmente útil como instrumento de traballo na aula e fóra dela. Ha de estar sempre orientada a que o alumnado desenvolva e aumente as súas capacidades e habilidades lingüísticas, de expresión e comprensión, orais e escritas; é dicir, a materia de lingua tentará mellorar pragmaticamente a capacidade comunicativa do alumnado; favorecerá a súa autonomía sen esquecer nunca a atención á diversidade: non esquezamos que traballamos con adolescentes que, loxicamente, están a sufrir unha serie de cambios físicos (que ás veces carrexan trastornos relacionados co esquema do corpo e as súas funcións); sociais (na súa relación co mundo externo) manifestadas en ocasións en condutas antisociais; psicolóxicos (que, no ámbito de estudo, poden manifestarse na apatía, na falta de concentración e, no ámbito lingüístico, en trastornos como afixias, dislexias...) A escola ten a responsabilidade de axudar os adolescentes na procura da súa identidade individual e colectiva, converténdoo en individuos máis maduros e libres. Cando haxa alumnado con necesidades especiais de apoio educativo recorrerase ao asesoramento do Departamento de Orientación Educativa.

A metodoloxía a seguir será sempre activa, de xeito que os rapaces e rapazas se impliquen verdadeiramente (motivación), de forma consciente e participativa no seu propio proceso de aprendizaxe lingüístico-literaria co obxecto de chegar tamén a adquirir a capacidade de autoavaliación.

Procuraremos traballar coa prensa; facer uso dos novos medios de comunicación (fundamentalmente Internet); recorreremos á biblioteca do centro e utilizaremos o libro de texto como material de apoio (editorial Anaya ).

#### **4.-CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO**

A avaliación vai ser sempre unha ferramenta que nos axudará a revisar, adaptar e mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe. É por iso que vai ser decote o alumnado quen condicione o ritmo da clase. Xa que logo, é posible que haxa determinados contidos que, malia se traballaren nun trimestre, deben ser revisados no seguinte. Ademais disto, no terceiro e último trimestre, farase unha síntese de todo o dado ao longo do curso para intentar enfrontar con éxito o curso próximo.

Haberá, en primeiro lugar, unha **avaliación inicial** que nos servirá para determinar os coñecementos previos de cada alumno ou alumna. Logo, a avaliación será continua e formativa, e axudaranos a localizar, valorar e interpretar as necesidades pedagóxicas que poidan xurdir ao longo do proceso de ensino-aprendizaxe. Finalmente, faremos unha avaliación final ou sumativa na que se determinará se se acadaron ou non ou ata que punto os obxectivos propostos para este nivel.

Realizaranse **tres avaliacións**, unha por trimestre e tentarase facer un uso práctico do aprendido ao longo do curso. En cada avaliación faranse dúas probas escritas correspondentes a cada dous dos temas dados que precisarán entre doce ou quince días para a súa consecución e unha para o libro de lectura obrigatoria que se efectuará hacia finais de cada trimestre. Tamén se terán en conta a elaboración de exercicios escritos ou orais para sopesar o dominio da materia por parte do/a alumno/a alumna e os seus avances. Os contidos de cada avaliación poden ser recuperados no seguinte, en tanto o proceso avaliador é continuo.

A **cualificación** de cada avaliación farase en función do seguinte baremo:

- Ata o 80% nas probas obxectivas.
- Ata o 20% por traballos e caderno e actividades voluntarias ou obrigatorias propostas pola profesora.

A non lectura do libro de lectura trimestral levará consigo a cualificación en suspenso ata que se realice, pero non fará media. Deberá ser superado nun 70% das cuestións propostas.

No caso de que o ensino sexa **semipresencial ou online**, e dependendo do tempo que esta situación dure, faranse os exames precisos establecendo unha data e hora fixas para a realización dos mesmos. O mesmo se fará con aqueles traballos ou exercicios que sexan necesarios para a avaliación da materia.

Os aspectos que se medirán para corrixir e cualificar as diferentes probas ou tarefas programadas serán os seguintes:

- Nas actividades de expresión oral valorarase o contido ou información transmitida, a claridade expositiva, o dominio dos aspectos non verbais (xestos e movementos, postura corporal, ollada...), o ton de voz e a expresividade, etc.
- Nas actividades de expresión escrita (resumos, desenvolvemento de temas, redaccións, elaboracións de noticias, composicións literarias, etc.) terase en conta a corrección gramatical e ortográfica, a presentación formal, a coherencia ou sentido lóxico do texto, a orixinalidade ou creatividade, a extensión adecuada, etc.
- Nas actividades de comprensión oral ou escrita terase en conta se o alumno formula o tema, se capta a estrutura, se comprende as informacións principais, se é quen de valorar ou amosar con espírito crítico a súa opinión persoal sobre algún aspecto concreto.
- No exame sobre o libro de lectura valorarase a comprensión do lido.
- No caderno de observacións do profesorado rexistraranse aspectos tales como: comportamento na aula, faltas de asistencia xustificadas e non xustificadas, traballo diario, ausencia de material necesario, participación e interese, acerto das intervencións, as diferentes cualificacións obtidas nas probas ou tarefas realizadas e a porcentaxe asignada na media trimestral...

No caso de **ensino semipresencial ou online**, a revisión de cadernos

e traballos será mediante o envío das imaxes dos mesmos mediante a Aula virtual ou ao correo electrónico da profesora, o cal será facilitado a principios de curso a todo o alumnado.

Polo que se refire ás **penalizacións**:

- descontaranse ata 0,5 puntos por traballos non presentados.
- rebaixaranse 0,2 puntos por cada falta de ortografía distinta (incluídos acentos ortográficos), mala letra e mala presentación.
- Rebaixaranse 0,33 puntos por cada negativo -1 punto cada tres negativos- referido a falta de interese na elaboración do traballo, ausencia do material necesario ou comportamento disruptivo.

Polo que se refire á **cualificación definitiva do/a alumno/a no remate do curso**, en avaliación ordinaria, será o resultado da avaliación final e global e dito resultado procederá da media entre as cualificacións das tres avaliacións, pero tendo en conta que a nota media do último trimestre é a máis importante das tres obtidas ao longo do curso. Non se fará media con cualificacións inferiores a 3,5.

En canto á **avaliación extraordinaria de setembro**, o alumno/-a deberá resolver unha proba escrita na que serán avaliados tres dos catro dos bloques de contidos: Comunicación Escrita, Funcionamento da lingua e Educación Literaria na data e hora establecida desde xefatura de estudos. O/a alumno/a superará a materia se acada nesta avaliación extraordinaria unha cualificación igual ou superior a cinco.

Polo que respecta á organización das actividades de seguimento, **recuperación e avaliación das materias pendentes** o alumnado de 2º ESO coa materia de 1º ESO pendente, poderá facer un exame no mes de maio, na data e hora establecida desde xefatura de estudos, para superala.

## **5.-MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS**

Entre os recursos empregados figuran:

- Libro de texto:

**Lengua Castellana y Literatura, 2º ESO, Anaya, ISBN 978-84-678-5069-7**

- Recursos incluídos no enderezo de internet da editorial correspondente
- Recursos incluídos no libro dixital para o profesorado.
- Fichas de traballo que se encontran nos materiais de tratamento da diversidade sobre cada unha das epígrafes da unidade.
- Material complementario para o desenvolvemento das competencias básicas.
- O caderno do/a alumno/a
- As diversas actividades que proporá a profesora da materia
- A biblioteca do centro para a realización de traballos
- Dicionarios
- Xornais
- Material complementario para o desenvolvemento das competencias básicas.
- Internet, cine, vídeo, diapositivas...
- Aula virtual, correo electrónico, web do Centro.
- Os libros de lectura recomendados: un libro por avaliación:

**Nata y chocolate**, Alicia Borrás Sanjurjo, ed. Anaya.

**La chica que patina y el tonto que la quiere**, Andrés Guerrero, ed. Santillana.

**El asesinato de la profesora de lengua**, Jordi Sierra i Fabra, ed. Anaya.

**Clases Online:** No caso de que houbera que confinarse e o alumnado non tivese forma de conseguir os libros de lectura obrigatoria ,

informaráselles das distintas plataformas que poden utilizar nas que non se vulneran os dereitos de autor, teñen autorización ou ben son obras clásicas que xa forman parte do patrimonio. Tamén poderán utilizar as diferentes bibliotecas dixitais que ofrecen acceso a libros gratuítos, Si con todo, non tiveran posibilidade de acceder a eses títulos, proporcionaráselle un listado máis extenso de lecturas para que o alumnado escolla.